



Proposta de Resolución pola que se conceden catro bolsas de formación na Dirección Xeral de Comercio e Consumo, convocadas pola Orde do 29 de abril de 2021, se establece a lista de reserva e se decláran as solicitudes non admitidas.

Mediante a Orde da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, do 29 de abril de 2021 (DOG nº 92, de 19 de maio de 2021), establecéronse as bases reguladoras para a concesión das bolsas de formación na Dirección Xeral de Comercio e Consumo e procedeuse á súa convocatoria para o ano 2021.

Unha vez concluído o prazo de presentación de instancias, e avaliadas as solicitudes presentadas de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo 12 das bases da convocatoria, a Comisión de Valoración elevou unha relación de catro persoas propostas para a adxudicación das bolsas e a lista de reserva, para o caso de non aceptación ou renuncia dalgunha delas.

En virtude do anterior, e de conformidade co establecido no artigo 14.2 das bases da convocatoria, propoño que o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación adopte a seguinte

RESOLUCIÓN:

Primeiro.- Conceder ás persoas beneficiarias que se relacionan no Anexo I desta Resolución unha bolsa de formación na Dirección xeral de Comercio e Consumo.

Cada bolsa estará dotada con 1.200,00 euros brutos por mes.

Segundo.- Establecer a lista de reserva, por orde de prelación, que se indica no anexo II desta resolución para o caso de non aceptación ou renuncia dalgunha das bolsas concedidas.

Terceiro.- Non admitir as solicitudes presentadas polas persoas que se relacionan no anexo III desta resolución, por non cumprir os requisitos que se señalan nas bases reguladoras.

Cuarto.- Dispor dos gastos mediante a expedición dos correspondentes documentos contables con cargo ás partidas orzamentarias 06.03.751A.480.0 “formación en materia de comercio” e 06.03.751A.484.0 “cotas sociais para formación en materia de comercio” dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2021, para cada persoa beneficiaria. A contía da cada bolsa calcúlase desde a data de incorporación das persoas bolseiras ata o 31 de decembro de 2021.





Quinto.- As/os bolseiras/os deberán comunicar a súa aceptación ou renuncia no prazo máximo de cinco días hábiles contados desde o seguinte ao da notificación desta resolución.

Despois de transcorrer o dito prazo, se as/os beneficiarias/os non se pronunciasen en ningún sentido, entenderase que aceptan a bolsa.

Así mesmo, no caso de que as/os adxudicatarias/os non acepten a bolsa ou non poidan incorporarse por calquera outra motivo, poderán ser substituídos/as polas persoas que figuran na lista de reserva en función da súa puntuación.

Sexto.- As persoas beneficiarias das bolsas terán as obrigas establecidas no artigo 19 das bases reguladoras da concesión.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, cabe interpor recurso potestativo de reposición ante o órgano que a ditou, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses que se contarán desde a mesma data. En todo caso, non poderán interpor recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición.

Notifíquese esta resolución ás persoas interesadas.

Santiago de Compostela,

O director xeral de Comercio e Consumo

Manuel Heredia Pérez

Vista a proposta que antecede, veño en darlle a miña conformidade nos termos expostos elevándoa a RESOLUCIÓN.

CONFORME COA PROPOSTA

O vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación

P.D. (Orde do 24/06/2021)

O director xeral de Comercio e Consumo

Manuel Heredia Pérez (asinado electronicamente)



**Anexo I**

Relación de persoas beneficiarias das catro bolsas de formación na Dirección xeral de Comercio e Consumo:

Orde	Solicitante	Nº. Expediente
1	Lema Touriñan, Jonathan	IN225A-2021-02
2	Caamaño Pensado, Adrián	IN225A-2021-01
3	Recarey Tomé, Inmaculada	IN225A-2021-20
4	Ordóñez García, Adrián	IN225A-2021-21

Anexo II

Lista de persoas suplentes, por orde de prelación, para cubrir as vacantes que poidan producirse por non aceptación ou renuncia dalgunha das bolsas concedidas:

Orde	Solicitante	Nº. Expediente
1	García Couso, Diego	IN225A-2021-14
2	Álvarez Casalderrey, Adriano	IN225A-2021-04
3	Del Río Franqueira, Daniel	IN225A-2021-08
4	Baleirón Betanzos, Carla	IN225A-2021-10
5	Rodríguez Mato, Silvia	IN225A-2021-22
6	Bailón Pérez, Lucía	IN225A-2021-28
7	Caballero Fernández, Damián	IN225A-2021-18
8	Mallou Couto, Olga	IN225A-2021-16
9	Lomba Lomba, Astrid Margarita	IN225A-2021-12
10	Vázquez Domínguez, Valeria	IN225A-2021-26
11	Penerbosa Ferreiro, María	IN225A-2021-09





Anexo III

Lista de solicitudes non admitidas:

Nº. Expediente	Solicitante	Causa da exclusión
IN225A-2021-06	Bellas Huerta, Verónica	Incumprir o requerido no artigo 3.c) das Bases reguladoras.
IN225A-2021-11	Gil Soto, David	Incumprir o requerido no artigo 3.c) das Bases reguladoras.
IN225A-2021-15	Borrajo Grande, Tito	Incumprir o requerido no artigo 3.c) das Bases reguladoras.
IN225A-2021-24	Pérez Maroño, Ana Cristina	Incumprir o requerido no artigo 3.f) das Bases reguladoras.

